

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O LABORATORIO MERCK SHARP & DOHME DE ESPAÑA S.A. PARA A PARTICIPACIÓN NO PRIMEIRO CONGRESO VIRTUAL 360 DE HOSPITAIS E XESTIÓN SANITARIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou en data 6 de maio de 2019 co laboratorio Merck Sharp & Dohme o instrumento convencional arriba referido con un período de vixencia contado dende o día da súa sinatura ata o 12 maio de 2019.

Que o instrumento convencional ten o seguinte obxecto:

Establecer o ámbito de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e MSD, para a participación no Primer Congreso Virtual 360 de Hospitales e Xestión Sanitaria.

Así, o Servizo Galego de Saúde participa na organización, patrocinio e desenvolvemento do 21 Congreso Nacional de Hospitais e Xestión Sanitaria que se celebrará en Santiago de Compostela entre o 8 e o 10 de maio. Esta actividade pretende servir para que os directivos do ámbito sanitario analicen en profundidade a situación e problemáticas actuais do sector, ao redor de seis áreas temáticas relativas á innovación, futuras solucións estratéxicas, modelos asistenciais, cambios normativos, cronicidade, experiencia do paciente e tendencias, modelos de xestión, tecnoloxía, marca e imaxe e demais temas de interese para os directivos sanitarios. Todo iso para contribuír á creación de valor e sustentabilidade do sistema sanitario. Este ano por primeira vez crearase unha contorna virtual do congreso, denominado “1 er Congreso Virtual 360 de Hospitais e Xestión Sanitaria”, aloxado na plataforma de MSD profesionais sanitarios, que permitirá acceder aos espazos virtuais desde o 7 ao 12 de maio.

MSD facilitará ao Servizo Galego de Saúde un espazo dentro da páxina web de MSD (www.msd.profesionales.es) con motivo do primer Congreso Virtual 360 de Hospitais e Xestión Sanitaria, que tendrá como obxecto a colocación dun stand virtual.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

Con data 14 de febreiro de 2019 as partes firmaron un Convenio Marco de colaboración para a promoción da investigación e a formación científica orientadas á mellora da atención ao paciente.

O dito convenio marco, na súa cláusula terceira, establecía que para a materialización dos proxectos en desenvolvemento do convenio marco, deberían asinarse acordos ou convenios específicos de colaboración, nos que se recolleran como mínimo, o obxecto e aspectos técnicos dos proxectos, os aspectos xurídicos, temporais e de vixencia destes, así como o réxime dos deberes económicos, no seu caso, de cada convenio, que non poderán comprometer ao Servizo Galego de Saúde en ningún caso.

Por todo o anterior, coa formalización deste convenio promóvese a realización do Primer Congreso Virtual 360 de Hospitais e Xestión Sanitaria, que se celebrará entre os días 7 e 12 de maio de 2019.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

